

**1**

## Comprendo un conto

### Un día de campo

Mentres os pais e o avó se animaban cunha partida de parchís, Vitoria e Alberte corrián costa arriba e dentro do bosque.

—Cuidado —berrou o pai—, que ainda vos ides perder polo bosque!

—Cuidado —berrou a nai—, que ainda vos vai sentar mal o xantar!

—Cuidado —berrou o avó—, que ainda ides toparvos cunha fera!

Vitoria e Alberte escachabán coa risa. Estaban eles ben preocupados...!

Despois dun bo anaco persegundo bolboretas, os dous irmáns decatáronse de que estaban no corazón do bosque, onde as árbores eran moitas e moi altas. Cruzando unha mirada, decidiron volver correndo ao lugar onde os agardaba a familia, non fose o caso que ainda tivese razón o pai...

O medo púxolle ás nos pés. Tanto correron que o xantar estivo a pliques de volver saír por onde entrara e tiveron que reducir o paso, non fose o caso que ainda tivese razón a nai...

A punto de chegar ao sitio, uns gruñidos espantosos fixeron tremer os rapaces e púxoselle o corazón na boca. Mira que se aínda tiña razón o avó e se atopaban cunha fera...

Nun santiámén, o medoolveuse un estrondo de risas. Arredor da mesa pregable, o avó e os pais durmían coma troncos... Cal dos tres roncaba máis forte, non poderían dicilo!



**1** Escribe. Quen fora pasar o día ao campo?

**2** Arrodea. Onde estaba a familia?

- No interior do bosque.
- Nun lugar preto dun bosque.
- Nunha montaña.



## COMPETENCIA LECTORA

- 3 Relaciona. Quen lles fixo cada advertencia a Vitoria e a Alberte?

Cuidado, que  
podedes toparvos  
cunha fera!

Cuidado, que  
vos pode sentar mal  
o xantar!

Cuidado, que  
podedes perdervos  
polo bosque!



- 4 Escribe V (verdadeiro) ou F (falso). Que lles pasou a Vitoria e a Alberte?

- Xogaron unha partida de parchís moi longa.
- Perseguiron bolboretas un bo anaco.
- Viron unhas ábores moi altas no corazón do bosque.
- Correron tanto que vomitaron o xantar.
- Atoparon unha fera á saída do bosque.



- 5 Subliña. Que significa cada expresión remarcada?

O medo púxolle ás nos pés.

O avó e os pais durmían coma cepos.

- Non os deixou comer.
- Animounos a correr más rápido.
- Durmían cun sono ilxeiro.
- Durmían profundamente.

- 6 Responde.

- Que eran os «gruñidos espantosos» que oíron os rapaces? \_\_\_\_\_
- Cal dos tres facía máis ruido? \_\_\_\_\_